

**PROGRAMACIÓN DOCENTE**  
**CULTURA E PENSAMENTO**

**curso 2019-20**

**ESQUEMA XERAL**

- i. Datos descritivos da materia
- ii. Contexto da materia
- iii. Obxectivos xerais
- iv. Adquisición de destrezas e habilidades
- v. Volume de traballo
- vi. Distribución de contidos: teóricos e prácticos
- vii. Metodoloxía docente
- viii. Avaliación da aprendizaxe
- ix. Observacións

**I.- DATOS DESCRIPTIVOS DA MATERIA.**

Nome da materia	<b>CULTURA E PENSAMENTO</b>
Código	<b>181 010 101 0</b>
Curso	<b>1º Intensivo</b>
Créditos Totais	3
Horas totais de traballo da/o estudante	
Cuadrimestre (especificar 1º/2º)	2º
Lingua na que impartirá a materia (galego/castelán)	Adaptarase ao idioma preferente dos estudantes

**I.1. Profesora/Profesor:**

Profesor/a	Créditos (especificar A, P ou V)	Horario titorías	Lugar de Impartición	Lingua
CARLOS VILA LAGO	A=1.43 P=1.43		Pavillón 2, baixo 2, despacho 5	Adaptarase ao idioma predominante do alumnado
MARÍA JOSÉ VÁZQUEZ FIGUEIREDO	A=0.13 0.06 teoría 0.06 práctica		Pavillón 2, baixo 2, despacho 5	Adaptarase ao idioma predominante do alumnado

A = aula P = laboratorio V = viaxe de estudos

**I. 2. Coñecementos previos aconsellados para cursar a materia, se procede:**

**Teóricos:** Non se requiren

**Prácticos:** Non se requiren

**Observacións:**

**II.- ENCADRAMENTO DA MATERIA NO CICLO INTENSIVO**

Esta materia permite ao alumnado escudriñar na mente humana, máis concretamente nas funcións executivas básicas implicadas no procesamento da información, tendo en conta a influencia das variables sociais. Asemade inclúese a perspectiva de xénero no tratamento dos procesos psicolóxicos básicos. Así pois, os coñecementos que aporta esta materia non só complementan os adquiridos noutras deste curso como “*identidade psico-social da persoa adulta*”, “*a expresión corporal e verbal*”, e “*a educación física*”, senón que tamén se vincula a materias de 2º curso como “*relacións afectivo-sexuais en maiores*” e de 3º como “*internet e sociedade da información*”.

**III.- OBXECTIVOS XERAIS**

**1.-Coñecer a relación entre pensamento e os procesos psicolóxicos básicos e a cultura.**

**1.1.-Analizar e comprender a relación que existe entre o pensamento e a percepción.**

**1.2.-Ser capaz de entender a función que desempeña a atención no pensamento e a inversa, considerando a influencia das variables contextuais.**

**1.3.-Comprender o funcionamento da memoria e a súa interacción co pensamento.**

**1.4.-Adquirir unha aprendizaxe axeitada dos fenómenos referidos á emoción, así como coñecer as súas implicacións na vida cotiá, nun contexto de interculturalidade.**

**1.5.-Coñecer as principais teorías explicativas da aprendizaxe humana e o papel da emoción, da atención e da motivación no proceso de aprendizaxe.**

**1.6.- Comprender en qué consiste o proceso de comunicación e de cómo este inflúe nas interaccións sociais. O papel das novas tecnoloxías.**

**1.7.-Comprender a relación entre os procesos psicolóxicos básicos e a cultura e a construción dos estereotipos de xénero.**

**IV.- ADQUISICIÓN DE DESTREZAS E HABILIDADES**

Esperase que:

- O alumnado sexa capaz de entender e explicar as relacións entre o pensamento, os procesos psicolóxicos básicos e a cultura, incidindo na función que desempeñan as variables socioculturais.
- O alumnado sexa capaz de transferir as competencias adquiridas e saber incorporar as modificacións derivadas do feedback que proporciona a súa práctica dentro proxecto de innovación docente APRENZAXE SERVIZO (este obxectivo queda supeditado á concesión do proxecto).

**V.- VOLUME DE TRABALLO**

Técnica	Horas presenciais aula	Horas presenciais fora da aula	Factor de traballo do alumnado	Traballo persoal do alumno/a	Horas totais do alumno/a
Clase maxistral	9		2	18	27
Prácticas Aprendizaxe servizo	8	0	9	32	45
Probas de avaliación					3
Total	17	8		50	75

## VI.- DISTRIBUCIÓN DE CONTIDOS

### Programa teórico

Tema	Contidos	Duración
1	<b>A percepción na construción do pensamento e da cultura.</b>	2 sesións
2	<b>A atención na construción do pensamento e da cultura.</b>	2 sesións
3	<b>A memoria na construción do pensamento e da cultura.</b>	2 sesións
4	<b>A emoción na construción do pensamento e da cultura.</b>	2 sesións
5	<b>Aprendizaxe e cultura. O papel da percepción, atención, memoria e emoción na aprendizaxe humana.</b>	2 sesións
6	<b>Interacción social e o proceso de comunicación.</b>	2 sesións

### Programa práctico (se o houbera)

Tema	Actividades a desenvolver	Duración
1	<b>A percepción na construción do pensamento e da cultura.</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Agnosia visual.</li> <li>• Ilusións ópticas vs. Alucinacións.</li> <li>• Procesamento da información guiado polos datos e conceptualmente.</li> <li>• Percepción social: efecto halo, efecto primacia.</li> <li>• Percepción da dor: efecto das emocións e da atención.</li> </ul>	1 sesión presencial e traballo no presencial
2	<b>A atención na construción do pensamento e da cultura.</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Atención dividida vs. Selectiva.</li> <li>• Atención sostida.</li> <li>• Procesamento da información guiado polos datos e conceptualmente.</li> <li>• Percepción social: efecto halo, efecto primacia.</li> <li>• Técnicas para mellorar a atención e a concentración.</li> </ul>	1 sesión presencial e traballo no presencial
3	<b>A memoria na construción do pensamento e da cultura.</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Memoria a curto prazo vs. Memoria a longo prazo.</li> </ul>	1 sesión presencial e traballo no presencial

	<ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Procesamento memorístico vs. Procesamento elaborado.</b></li> <li>• <b>Técnicas para mellorar a memoria.</b></li> </ul>	
4	<p><b>A emoción na construción do pensamento e da cultura</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Os compoñentes da emoción.</b></li> <li>• <b>Transculturalidade das emocións.</b></li> <li>• <b>Influencias sociais sobre os procesos emocionais.</b></li> <li>• <b>Intelixencia emocional.</b></li> <li>• <b>Contaxio emocional.</b></li> <li>• <b>Técnicas para controlar e regular as emocións.</b></li> </ul>	1 sesión presencial e traballo no presencial
5	<p><b>Aprendizaxe e cultura. O papel da atención e a memoria na aprendizaxe humana</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Bases psicolóxicas da aprendizaxe.</b></li> <li>• <b>Teoría da aprendizaxe social.</b></li> <li>• <b>A atención e a memoria no proceso de ensino-aprendizaxe.</b></li> </ul>	1 sesión presencial e traballo no presencial
6	<p><b>Interacción social e o proceso de comunicación</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>O proceso da comunicación: axentes que interveñen.</b></li> <li>• <b>Tipos de comunicación.</b></li> <li>• <b>A teoría do rumor.</b></li> <li>• <b>Cambio de actitudes a través da comunicación.</b></li> <li>• <b>Técnicas para mellorar as habilidades de comunicación.</b></li> </ul>	1 sesión presencial e traballo no presencial

### **Bibliografía básica**

Ballesteros-Jiménez, S. (2017). *Psicología de la memoria humana*. Madrid: Universitas

Goldstein, E. B. (2006). *Sensación y percepción*. Madrid: International Thomson.

Kahneman, D. (2012). *Pensar rápido, pensar despacio*. Madrid: Debate

Luna, D. y Tudela, P. (2007). *Psicología de la Percepción*. Madrid: Trotta.

Maldonado, A. (2015). *Aprendizaje humano y pensamiento*. Granada: Universidad de Granada.

Santiago De Torres, J., Tornay Mejias, F. y Gómez Millán, E. (2006). *Procesos psicológicos básicos*. Madrid : McGraw-Hill.

VV.AA. (2013). *Procesos psicológicos básicos: un análisis funcional*. Madrid: UNED. Universidad nacional de educacion a distancia

### **Bibliografía complementaria**

Berjano, E. (2001). *Interacción social y comunicación*. Valencia: Tirant lo Blanch.

Domjan, M. (2010). *Principios de aprendizaje y conducta*. México: Paraninfo Cengage Learning.

Fariña, F., Arce, R., y Buela-Casal, G. (Eds.). (2009). *Violencia de Género. Tratado Psicológico y Legal*. Editorial Biblioteca Nueva. Madrid.

- Fernández-Fernández, A. (1999). *Medios de comunicación social: los procesos de comunicación*. San Sebastián: Editorial Donostiarra.
- García, P. L. (2019). La violencia de control como violencia de género. *ReCRIM: Revista de l'Institut Universitari d'Investigació en Criminologia i Ciències Penals de la UV*, (21), 38-39.
- González Labra, M. J. (2009). *Introducción a la psicología del pensamiento*. Madrid: Trotta.
- Jarret, C. (2015). *Grandes Mitos del cerebro*. Barcelos. Ediciones de Intervención Cultural
- López-Zafra, E., e Augusto, J. M. (2007). *Psicología social en la vida cotidiana*. Jaén: Editorial del Lunar.
- Morales, J. F. (2007). *Psicología social*. Madrid: MACGraw-Hill.
- Morgado, I. (2012). *Cómo percibimos el mundo: una exploración de la mente y los sentidos*. Barcelona: Ariel
- Morgado, I. (2014). *Aprender, recordar y olvidar: claves cerebrales para mejorar la educación*. Barcelona: Ariel.
- Oria, H. M. (2019). Mejora de la atención post-ejercicio en escolares deportistas. *Journal of Physical Education and Human Movement*, 1(1), 63-69.
- Pérez-Fernández, V., Gutiérrez-Domínguez, M<sup>a</sup> J., García-García, A. e Gómez-Bujedo, J. (2005). *Procesos Psicológicos Básicos. Un análisis funcional*. Pearson. Madrid.
- Punset, E. (2006). *El alma está en el cerebro*. Madrid: Santillana.
- Ruiz-Vargas, J. M. (2010). *Manual de psicología de la memoria*. Madrid: Síntesis.
- Sacks, O. (1985). *El hombre que confundió a su mujer con un sombrero*. London: Gerald Duckworth.
- Santiago de Torres, J. (2006). *Procesos psicológicos básicos*. Dykinson. Madrid.
- Slater, L. (2006). *Cuervos entre locos. Grandes experimentos psicológicos del siglo XX*. Barcelona: Alba.

## **VII.- METODOLOGÍA DOCENTE**

### **Clases.**

**Clases mixtas con feedback interactivo.** Utilizase a técnica de instrucción, modelado e feedback interactivo para transmitir os contidos teóricos da materia.

### **Prácticas (se procede).**

**Grupos tutelados.** En pequenos grupos, realizaranse estudos de casos sobre os procesos psicológicos básicos que se estudian na materia.

**Individual.** Analízanse diversos recursos audiovisuais e fontes documentais co obxecto de identificar os principais determinantes do procesos psicológicos básicos obxecto de estudo.

**Trabajo en equipo.** Realízase un estudo de campo relacionado cos procesos psicolóxicos obxecto de estudo.

**Exposición.** Presentase e defendese, de forma argumentada, os traballos elaborados ao longo do cuatrimestre.

#### **VIII.- AVALIACIÓN DA APRENDIZAXE**

A avaliación farase a partir da asistencia á clase, da participación nos debates sobre os contidos explicados e da calidade dos traballos realizados. O 60% da nota calcúlase a partir do traballo realizado na aula (onde o alumnado pode optar pola modalidade NON APLICADA, ou ben pola APLICADA asociada ao proxecto de APRENDIZAXE SERVIZO-esta última queda condicionada a concesión do proxecto na UVIGO). O 20% correspóndelle a participación e asistencia. O 20% restante procede do resultado do exame.

Facilítarase unha listaxe de lecturas obrigatorias para o traballo na aula, así como para a realización do exame o alumnado que o demande.

#### **IX.- OBSERVACIÓNS**

A presente planificación pode sufrir modificacións, sempre que as necesidades do alumnado participante o demande. Por outra banda, buscarase que os contidos que se transmiten poidan ser aplicados na vida cotiá dos asistentes, de modo que se plantexan actividades que faciliten a súa transferencia e xeneralización a outros contextos. Neste senso para operativizar este obxectivo propónse esta materia dentro do proxecto de innovación docente APRENDIZAXE SERVIZO.